



ORDENANZA FISCAL Nº 29 REGULADORA DA TAXA POLOS SERVIZOS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO

Artigo 1 Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do RD 2/2004, este Concello establece a taxa polo servizo de prevención e extinción de incendios e salvamento que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ao regulado no artigo 57 do RDL 2/2004

Artigo 2 Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos servizos de extinción de incendios e as súas alarmas, afondamentos totais ou parciais de edificios ou instalacións, ruínas, derrubamentos, inundacións, salvamentos e outros análogos.
2. Non estarán suxeitos a esta taxa os anteriores servizos cando a súa causa non proveña de dolo, culpa ou negligencia dos propietarios ou posuidores das cousas onde interveña o servizo de extinción de incendios ou como consecuencia do incumprimento dos deberes impostos pola lexislación urbanística vixente.
3. Non estarán suxeitos a esta taxa os servizos que se presten en casos de calamidade ou catástrofe pública oficialmente declarada

Artigo 3 Suxeito pasivo

1. Ten a consideración de suxeito pasivo en concepto de contribuínte, salvo no sinalado no parágrafo 3, as persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares dos bens sobre os que se prestou o servizo con independencia do solicitante do servizo.
2. No caso de que o servizo fora prestado en bens de dominio público, corresponderá a condición de suxeito pasivo ao responsable da necesidade de prestar este servizo.
3. Terá a condición de suxeito pasivo substituto a entidade aseguradora do risco.

Artigo 4 Solicitud do servizo

O servizo será prestado tanto a instancia de parte como, no seu caso, de oficio, retribuíndo en calquera suposto a taxa nos termos do artigo 6.

Artigo 5 Cota tributaria

1. A cota tributaria determinarase en función da suma dos seguintes elementos, por hora ou fracción:
- Do número de efectivos tanto persoais como materiais que se empregan na prestación real do servizo, o tempo investido nel e o percorrido efectuado polos vehículos que actúen.

2. Para tal efecto aplicarase a seguinte tarifa:

Asistencia prestada polo servizo de contraincendios:

Furgón de salvamento, por cada hora ou fracción	25,39 €
Autobomba forestal, por cada hora ou fracción	50,60 €
Autobomba, por cada hora ou fracción	121,18 €
Autoescala, por cada hora ou fracción	48,42 €



Por cada hora ou fracción de cada persoa que preste o servizo (agás o/a xefe/a).	20,66 €
Por cada hora ou fracción da xefatura	29,14 €
Espuma de baixa e media expansión, por litro	10,22 €
Espuma de alta expansión, por litro	3,66 €

Establécese un incremento nas tarifas de 0,47€ por quilómetro percorrido

2. Incluirase no importe da tarifa o custo do material inutilizado como consecuencia da prestación do servizo, tendo en conta os seguintes importes:

Mangueiras (25, 45 ou 70 m/m de ϕ) por metro lineal	9,29 €
Extintor (po, CO ₂ , etc.)	64,39 €

Artigo 6 Normas de xestión

A obriga de contribuír nace cando saia do parque a dotación correspondente, momento no que se inicia, para todos os efectos, a prestación do servizo

Disposición final

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.